



## **ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE AMPLIACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO DE CAPATACES DE LIMPEZA DE PRAIAS 2023.**

Na Casa do Concello de Porto do Son, do día 10 de xullo de 2023, 13:00 horas reúñese o tribunal designado para a selección das prazas, composto do seguinte xeito:

O obxecto da sesión é proceder á valoración da puntuación do caso práctico, proba de coñecemento lingua galega e a puntuación final dos aspirantes, que se recolle no apartado 9º das bases de selección.

Unha vez realizado, o tribunal por unanimidade dos tres membros acorda:

### **1º) Outorgar as seguintes puntuacións:**

Apelidos e nome	Caso práctico	Galego	Total	Desempate sorteо público
GONZÁLEZ LESTÓN SUSANA	10	exento	10	1º
BRAN GARCIA LESTON	9	exento	9	2º
OLVEIRA RODRÍGUEZ SAMUEL	9	exento	9	3º
NIETO AGEITOS NURIA	9	exento	9	4º

2º) Tal como se recolle no apartado 9º das bases de selección, os candidatos seleccionados serán os que obteñan maior puntuación.

3º) Para o caso de existir empate nas puntuacións dos aspirantes, establecécese como criterio de desempate un sorteо público

A bolsa de emprego formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases estará vixente durante os tres anos seguintes á súa formación, agás que o Concello decida anulala ou deixala sen efecto con anterioridade.

### **4º) Funcionamento da bolsa de emprego:**

1.- A bolsa de emprego terá unha validez máxima de tres (3) anos salvo que o concello decida anulala ou deixala sen efecto con anterioridade.

2.- Unha vez detectada a situación de necesidade de cubrir temporalmente unha praza, e elaborado o correspondente expediente no que se acreditará o cumprimento dos supostos expostos, así como a existencia de crédito orzamentario, procederáse ao chamamento sucesivo daqueles aspirantes por orde de lista, debendo os interesados manifestar o **seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de un (1) día hábil** dende a notificación da oferta por parte do Concello, transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasará ao seguinte da lista.

A notificación practicarase co interesado por correo electrónico ou vía telefónica polo menos dúas veces en horas distintas, do cal quedará a debida constancia no expediente mediante dilixencia entendida ao efecto.





No caso de manifestar o seleccionado o seu interese, deberá presentar a documentación relacionada no apartado 10º. das bases, no prazo indicado nese apartado.

Os/as integrantes da listaxe que, sendo chamados para facer efectiva a contratación, renuncien ou non comunicaran no prazo indicado o seu interese por escrito, pasarán a ocupar o último lugar da lista. As persoas que integran a bolsa poderán en calquera momento pedir a baixa definitiva nesta, mediante solicitude dirixida ao alcalde-presidente.

#### 5º) Presentación da documentación polos aspirantes.

Os aspirantes designados para a contratación deberán presentar no Rexistro Xeral do concello, no prazo de **dous (2) días hábiles** contados a partir da súa conformidade, a seguinte documentación:

- Certificado ou informe médico de atoparse apto para a realización deste traballo.
- Declaración xurada de non atoparse incuso en causa de incapacidade ou incompatibilidade.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin encontrarse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Copia do código IBAN de conta bancaria.
- Copia da tarxeta da Seguridade Social.

*No caso de que o/a aspirante nunca estivera de alta na Seguridade Social, copia do documento de afiliación á Seguridade Social.*

De non presentarse dita documentación no prazo indicado (salvo casos de forza maior) ou no caso de deducirse da documentación que non se reúnen os requisitos esixidos, o aspirante non poderá ser contratado; sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na súa solicitude de participación. Neste suposto, o Alcalde-Presidente contratará ao seguinte aspirante aprobado por orde de puntuación.

Pte.: José Manuel Segade Santos

Secretario:  
Manuel José Abeijón Blanco

José Antonio Maneiro Maneiro

Manuela Gómez Rodríguez

Ramona Bermúdez Nuñez